

# MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO MARCO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE A CORUÑA E A ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ÁREA DE INTERMODALIDADE DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS NA CORUÑA - SAN CRISTÓBAL E A SÚA SU CONTORNA URBANA

## 1. Antecedentes

O Concello da Coruña e ADIF asinaron en xullo de 2009 un Protocolo de colaboración para a integración urbanística e desenvolvemento dunha área de intermodalidade na que estaban presentes a estación ferroviaria de Alta Velocidade e demais sistemas de transporte urbano e interurbano, con obxecto de facilitar o intercambio entre os viaxeiros de ferrocarril e outros modos de transporte, no ámbito da estación ferroviaria de San Cristóbal, na Coruña. Este protocolo establecía os criterios e determinacións aos que debía axustarse a ordenación urbanística do ámbito, que o Concello da Coruña comprometéase a incluír no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), entón en trámite.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello da Coruña foi aprobado definitivamente por Orde do 25 de febreiro de 2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e incorporou o citado Protocolo de 2009, tramitado conxuntamente como convenio urbanístico, de conformidade co previsto na súa Cláusula Primeira.

O PXOM prevé a integración urbanística e desenvolvemento dunha área de intermodalidade do transporte de viaxeiros no ámbito incluído no Protocolo de 2009, mediante unha área de planeamento remitido ( PE-029) e a delimitación de dous polígonos de execución polo sistema de expropiación (POL 030.1 e POL 030.2), coa ordenación establecida no plano de zonificación de solo urbano (plano 06) do PXOM.

En concreto, as normas urbanísticas do PXOM establecen no seu artigo 3.2.12, apartado 2.3.a):

*“Estación Intermodal. (PE-029): O PXOM incorpora o protocolo suscrito polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e o Concello, cunha ordenación do devandito ámbito mediante a remisión a un plan especial ( PE Ou29) que incorpora a intermodalidade do transporte coa estación de autobuses e aproveitamentos urbanísticos de uso terciario, vinculados especialmente á mobilidade, e a*



*usos residenciais nos terreos que se desafecten, conseguindo ao mesmo tempo a integración urbana entre a zona da Avda. da Sardiñeira e a zona da rúa de Joaquín Planells”.*

*Conforme dispón o seu artigo. 3.2.13., as condicións particulares recóllense no Ficheiro das APR, documento Anexo II. "06 b- Normativa Urbanística. Fichas Urbanísticas”.*

Os obxectivos de ambos polígonos, definidos nas súas respectivas fichas urbanísticas, POL Ou30.1 e POL Ou30.2, son, entre outros, contribuír a completar o financiamento da futura estación intermodal de San Cristóbal adxacente a este ámbito, configurar un anel viario perimetral para mellorar os accesos á nova estación e mellorar a conexión transversal entre os barrios situados a ambos os dous lados da canle ferroviaria. Ademais, no POL Ou30.1 inclúese o de cubrir as praias de vías actuais aproveitando o desnivel existente entre a avenida da Sardiñeira e a rúa de Joaquín Planells.

O Tribunal Superior de Xustiza, na súa sentenza núm. 151/2016, do 3 de marzo (PO 4363/2013), anulou a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que aprobaba definitivamente o PXOM, no extremo concreto relativo á categorización do ámbito do POL Ou30.2 como solo urbano non consolidado. Pronunciamiento confirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 22 de xuño de 2017 que desestima a casación (Rec. Cas. número 1477/2016).

O PXOM da Coruña establece outro polígono de execución en solo urbano non consolidado, non incluído no ámbito do Protocolo de 2009, "A Sardiñeira, POL Ou29", cunha superficie de 32.524,76 m<sup>2</sup>, cuxos obxectivos, definidos na súa ficha urbanística, son, entre outros, obter o viario de conexión entre a Avenida da Sardiñeira e a Avenida de Arteixo.

Así mesmo, contempla unha área de transformación no espazo da actual estación de autobuses. Ordénase mediante a remisión a un plan especial: PET- P28 - Estación de Autobuses, que prevé a creación de espazos libres públicos, equipamentos, usos residenciais e a reestruturación do espazo público entre a estación de San Cristóbal e a actual estación de autobuses, así como a ordenación do ámbito configurando o parque central que permita salvar a diferenza de cota existente entre a estación de San Cristóbal e a rúa de Ramón e Cajal no seu percorrido cara ao porto.

O desenvolvemento do Plan Especial condiciónase á efectiva localización da estación de autobuses na estación intermodal de San Cristóbal.

O 2 de novembro de 2017, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), asinaron o documento de "BASES DE ACORDO PARA A REDACCIÓN DO NOVO PROXECTO BÁSICO DA FUTURA TERMINAL DE AUTOBUSES DA



ESTACIÓN INTERMODAL DA CORUÑA”, no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse tanto o proxecto da estación de autobuses da área intermodal, como os accesos e pasos sobre a praia de vías.

En novembro de 2018, a Xunta de Galicia licitou o contrato para a redacción do proxecto da futura terminal de autobuses da estación intermodal da Coruña en base a este acordo e ao “Proxecto de Remodelación da Estación da Coruña - San Cristóbal” de ADIF, formalizándose o contrato o 4 de abril de 2019.

En febreiro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co disposto no apartado segundo do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, acordou o inicio do procedemento para a aprobación do “Proxecto da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña” como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

En decembro de 2018, ADIF-Alta Velocidade redactou, o "Proxecto de Remodelación da Estación da Coruña- San Cristóbal”, aprobado p o 15 de abril de 2019, que desenvolve a solución do Anteprojecto de Remodelación da Estación da Coruña- San Cristóbal, de xaneiro de 2013. Sen embargo, este proxecto require a súa adaptación á normativa vixente no momento da súa licitación, singularmente ao Código Técnico da Edificación (CTE) así como a adaptación construtiva ao Proxecto da estación de autobuses que redacta a Xunta de Galicia, de forma que se prevean aquelas cuestións que afectan á coordinación de ambos os proxectos, o ferroviario e o da estación de autobuses, conseguindo a independencia construtiva entre ambas obras.

En marzo de 2019, o Concello da Coruña contratou unha asistencia técnica para a redacción das modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Municipal, necesarias para adaptar este documento aos proxectos redactados pola Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, ADIF e os proxectos municipais de mellora de accesos á estación.

A documentación correspondente á modificación puntual no ámbito do POL Ou29 “A Sardiñeira”, para o inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica, aprobouse pola Xunta de Goberno Local do 25 de setembro de 2019. A documentación correspondente á modificación puntual nos ámbitos do POL Ou30.1 “San Cristóbal (Zona 2)” e PE Ou29 “San Cristóbal (Zona 1)”, para o inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica, aprobouse pola Xunta de Goberno Local do 4 de decembro de 2019, emitindo a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da



Xunta de Galicia, o informe ambiental estratéxico o 8 de abril de 2020, estando na actualidade en redacción o documento correspondente á fase de aprobación inicial.

## 2. Razóns de oportunidade

A situación actual supón unha substancial alteración das circunstancias tidas en conta en xullo de 2009, no momento da subscrición do Protocolo de colaboración o Concello da Coruña e ADIF para a integración urbanística e desenvolvemento dunha área de intermodalidade de transportes de viaxeiros non ámbito da estación ferroviaria de San Cristóbal. E a ordenación urbanística contida no PXOM, derivada do citado protocolo, definiu un modelo de xestión baseado na obtención de recursos económicos, mediante a recalificación dos terreos viarios e ferroviarios que non se considerasen necesarios para o mantemento destes usos (POL Ou30.1, POL Ou30.2 e PET P28), por outros de carácter lucrativo, co fin de axudar a financiar a operación.

No citado Protocolo, de xullo de 2009, indicábase que o proxecto que desenvolvese a estación ferroviaria debería dar resposta ás necesidades de interconexión co resto de modos de transporte e sistema xeral viario para garantir a plena mobilidade na súa contorna.

Sen embargo, a actual conxuntura económica, que afecta a todas as Administracións e entidades dependentes así como a dificultade para o desenvolvemento urbanístico inicialmente previsto, poñen de manifesto a necesidade de deixar sen efecto o citado Protocolo e subscribir un convenio marco que contemple o desenvolvemento de actuacións a curto prazo, centradas nos proxectos de infraestruturas de transporte: alta velocidade, estación de autobuses e a súa conexión co sistema xeral viario; que recolla as determinacións urbanísticas do todas as superficies afectadas polo proxecto; e que incorpore á Xunta de Galicia como parte fundamental para a consecución dos obxectivos pretendidos.

## 3. Obxectivos

O Convenio Marco ten como obxectivo establecer o marco xeral de colaboración entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello da Coruña e o ADIF para a execución e desenvolvemento da nova Área Intermodal da Coruña-San Cristóbal, configurándose un nodo de intercambio modal con outros medios de transporte de viaxeiros, que poña a



disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de mobilidade sustentable (ferrocarril, autobús colectivo, bicicleta, a pé) dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

Así mesmo, perséguese mellorar a permeabilidade transversal da cidade na contorna da estación de ferrocarril da Coruña-San Cristóbal, mellorando a conexión peonil e ciclista entre os barrios e a conexión entre a estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses, integrando unha rede de mobilidade sustentable.

Para iso, o convenio contempla a execución das seguintes actuacións:

- a) A construción dunha nova estación de autobuses e a remodelación da estación ferroviaria da Coruña-San Cristóbal.
- b) A construción dun viario de conexión entre a Avenida da Sardiñeira e a Avenida de Arteixo que permita unha adecuada conexión e accesibilidade entre as citadas avenidas e a nova estación intermodal.
- c) A remodelación da Avenida do Ferrocarril e da Avenida da Sardiñeira, así como os nodos de conexión.
- d) As modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña vixente, para dar cobertura legal ás actuacións proxectadas que o necesiten.
- e) A transformación urbanística dos terreos ocupados pola actual estación de autobuses prevista polo actual plan xeral, no ámbito do plan especial PET P28 “Estación de autobuses”, de acordo coas determinacións do PXOM aprobado definitivamente.

#### **4. Estimación de custos e financiamento**

O custo das actuacións previstas neste convenio marco e os compromisos económicos de cada unha das partes asinantes serán os que en cada caso se establezan nos convenios de desenvolvemento.

#### **5. Competencia e Réxime xurídico**



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 26/2019, de 7 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica e no Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/ as.

O Convenio Marco ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

